Sobre a suficiencia dos recursos destinados polo Goberno galego á loita contra as emerxencias feminista, climática e social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

6.2 58412 (10/POPX-000171)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda



Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incidencia nas políticas que provocan o abandono do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

6.3 58415 (10/POPX-000172)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da modificación das súas políticas para as cidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

## Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56623 (10/POP-006696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto da apertura dunha casa de apostas e sala de xogos en Redondela, nas proximidades dunha zona escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.2 53504 (10/POP-006304)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis

Sobre como afecta a modificación do Regulamento da Lei de costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo-terrestre na comunidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.3 56715 (10/POP-006712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013 para o remate da actuación denominada ronda leste de Lugo, treito II: LU-530 - N-VI, prevista no Programa de vías de altas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.4 53144 (10/POP-006242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia a Naturgy do mantemento dos postos de traballo do servizo de atención ao cliente situado no Parque Tecnolóxico de Galicia, no concello ourensán de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

7.5 58416 (10/PUP-000275)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para acompañar o sector galego da automoción na consolidación do seu crecemento dos últimos anos e dar resposta ao futuro escenario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.6 56876 (10/POP-006737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución turística en Galicia ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.7 58404 (10/PUP-000273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar os impedimentos á prestación dun servizo de pediatría digno e con garantías ás crianzas de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

7.8 57897 (10/POP-006873)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á garantía da xestión pública do futuro centro de atención ás persoas con diversidade funcional de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.9 58061 (10/POP-006888)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre o tipo de medidas sancionadoras implementadas nos últimos anos fronte ás empresas de *catering* que teñan causado algún tipo de intoxicación alimentaria nos centros escolares de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.10 58411 (10/PUP-000274)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para evitar novos casos de intoxicación alimentaria semellantes aos acontecidos en diversas gardarías da rede Galiña Azul

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

#### **Corrección de erros na execución do Acordo da Mesa do Parlamento do día 5 de novembro de 2019 polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020**

Advertido un erro material na execución do acordo da Mesa do Parlamento do día 5 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di:

«Acordo da Mesa do Parlamento, do 4 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020 [10/PL-000020 (57866)]»

Debe dicir:

«Acordo da Mesa do Parlamento, do 5 de novembro de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2020 [10/PL-000020 (57866)]».

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 58360

Data envío: 31/10/2019 09:13:04.799

Data 31/10/2019 09:13

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3617**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a realización polos técnicos da Xunta de Galicia dalgunha valoración das obras necesarias para a ampliación do Colexio de educación infantil e primaria Eladia Mariño, do concello de Cabanas, así como o orzamento e os prazos previstos para a execución do proxecto”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** que ten o seguinte contido:

“As obras de ampliación do CEIP Plurilingüe Eladia Mariño da localidade coruñesa de Cabanas están avanzando a bo ritmo no mes de xullo e prevese que estean totalmente rematadas a inicios do próximo curso 2019-20.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional inviste uns 521.000 euros nesta ampliación, que suporá que o alumnado poida dispoñer de nova biblioteca e aula de usos múltiples, novo patio cuberto e dunha mellora da accesibilidade, coa instalación de ascensor e ramplas.

A obra que se está levando a cabo abrangue tanto accións de remodelación no interior da edificación existente como a ampliación da mesma para xerar novos espazos, como unha sala de usos múltiples e un patio cuberto de máis de 130 m<sup>2</sup>. O novo edificio sitúase nun módulo anexo pola parte posterior do CEIP.

A nova biblioteca do centro situarase na que ata o momento era a zona de xogos cuberta, espazo que tamén se empregará para comunicar os dous edificios. Ademais, na edificación actual modificarase o lugar que ocupan os aseos do alumnado no andar baixo e crearanse

Páxina 1 de 2

 Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



espazos para Orientación e desdobramentos. Todos os andares estarán comunicados a través dun núcleo de escaleiras e dun ascensor de nova instalación, que se complementa cunha rampla de comunicación co patio cuberto.

Esta ampliación eleva o investimento da Consellería desde 2009 neste centro educativo –o único do concello– a arredor de 700.000 euros. Cómpre salientar que o CEIP, ademais de ser plurilingüe e contar a maiores con sección bilingüe, participa este curso en dúas liñas dos contratos-programa. Conta, así mesmo, cunha biblioteca moi activa que forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe) e que desenvolve iniciativas de aprendizaxe por proxectos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58360**  
Data envío: 31/10/2019 09:13:04.799

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:13:01**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/10/2019 12:47:54  
Nº Rexistro: 58166

Data envío: 28/10/2019 12:47:54.862

Data 28/10/2019 12:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **25220** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para reducir a fenda salarial existente en Galicia entre mulleres e homes, as medidas de apoio económico e técnico que vai aplicar durante a actual lexislatura para a posta en marcha voluntaria de plans de igualdade ou doutras medidas para súa promoción, así como a súa valoración respecto do estado de implantación na comunidade autónoma da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia”**, (publicada no BOPG número 261 do 15 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 25183 que tivo lugar na sesión plenaria do 27 de febreiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?  
part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:47:54  
**Nº Rexistro: 58166**  
Data envío: 28/10/2019 12:47:54.862

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/10/2019 12:47:51**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46020**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Veroa e don David Rodríguez Estévez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á concertación de prazas na residencia de persoas maiores que se vai construír no concello Chandrexa de Queixa, a súa opinión respecto da viabilidade do actual proxecto e a lista de agarda que hai no concello para cada unha das prestacións de dependencia”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre salientar que o centro residencial de Chandrexa de Queixa é de titularidade municipal. Polo tanto, no relativo á viabilidade do proxecto desta residencia, a Xunta de Galicia esixe o cumprimento das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os servizos de atención a persoas maiores, de conformidade co previsto na normativa que desenvolve a racionalización do sector público autonómico.

No que respecta á lista de agarda no programa de asignación de recursos de dependencia dicir que segundo o programa de asignación de recursos (art. 44. do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes- e posteriormente a entrada en vigor da Lei 3/2018 do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 29.3), na lista de agarda figuran dúas persoas en situación de dependencia (unha para atención residencial e outra para servizo de axuda no fogar).



No que respecta á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), os Servizos Sociais Comunitarios do concello de Chandrexa de Queixa son os que xestionan o programa de asignación de recursos do SAF”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58358**  
Data envío: 31/10/2019 09:12:49.190

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:12:43**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 58355

Data envío: 31/10/2019 09:12:06.612

Data 31/10/2019 09:12

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 46652**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non habilitar novas unidades nas escolas infantís do concello de Lalín, así como para non ofertar un horario de atención máis amplo na escola do polígono industrial”**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

*A Xunta de Galicia ampliou a capacidade cunha nova unidade na escola infantil de Pontiñas en Lalín.*

*O centro, que contaba con 61 prazas e 4 unidades, aumentou a súa capacidade ata as 74 prazas distribuídas en 5 unidades, grazas á actuación de acondicionamento que permitiu a posta en marcha da nova aula e que posibilitou incluír ás nenas e nenos que tiñan solicitado praza durante o período ordinario de matrícula.*

*As dúas escolas públicas de Lalín suman así un total de 148 prazas o que supón unha rateo de atención do 36%, tres puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.*

*O Concello foi o encargado de realizar as melloras na escola mentres que a Consellería de Política Social financia as mesmas a través da compensación ao Concello na liquidación anual que emite o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que ademais dotou á escola do persoal necesario para atender á nova unidade.*

*Os horarios de toda a rede de escolas a Galiña Azul veñen determinados polas solicitudes das familias. Para o curso 2019/20, tendo en conta as solicitudes presentadas no baremo ordinario*

páxina 1 de 2



Xacobeo 2021



*de adxudicación de prazas iniciado en marzo, ampliase o horario de peche do centro en media hora por contar coa solicitude de varios usuarios para dito horario, quedando establecido de 7.45 a 17.30 horas.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58355**  
Data envío: 31/10/2019 09:12:06.612

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:12:02**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47652**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha solicitude ao Ministerio de Educación para a inclusión do alumnado das escolas infantís na convocatoria anual de bolsas para o apoio pedagóxico do alumnado con necesidades específicas, así como as súas previsións respecto do impulso da universalización do ensino de 0 a 3 anos”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, coñecedora de que Galicia é a única comunidade na que as familias das/os nenas/os de 0 a 3 anos matriculados en escolas infantís non poden acceder a becas do Ministerio de Educación, trasladou ao Goberno central esta incompreensible situación sen obter éxito.

A Xunta de Galicia non quere deixar de lado ás nenas e nenos galegos e ás súas familias e por iso habilitou unha liña directa de axudas de carácter excepcional para cubrir os gastos de atención temperá, logopeda e comedor adaptado que tiveron as familias durante o curso 2018-2019”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58354**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:59.143

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:55**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47769**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da consignación dos fondos necesarios para aumentar as prazas de centro de día no concello das Pontes de García Rodríguez, así como o impulso dunha residencia pública nese concello”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O centro de día das Pontes de García Rodríguez entrou en funcionamento no ano 2012 e xestiónao o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en virtude dun convenio de colaboración asinado co concello nese mesmo ano. O convenio establecía que o centro entraría en funcionamento inicialmente con 16 prazas operativas, prevéndose un aumento gradual ata as 30 prazas.

A xestión do centro atópase en fase de licitación e está previsto que o novo contrato inclúa un aumento progresivo das prazas que poidan dar cobertura ás solicitudes existentes.

O número de horas SAF que financia a Xunta ao Concello das Pontes é 6.938, mediante as cales se benefician 138 persoas maiores dependentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58352**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:43.409

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:39**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 50198**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araujo, don Antón Sánchez García e don David Rodríguez Estévez, sobre **“a avaliación e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da migración das mulleres no medio rural”**, (publicada no BOPG número 483 do 5 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*O pasado 15 de outubro celebrouse o Día da Muller Rural, unha efeméride que trata de poñer no foco o importante labor que fan as mulleres no entorno rural. Para a Consellería do Medio Rural en particular, e para a Xunta de Galicia en xeral, o apoio á muller no ámbito rural constitúe unha das nosas máximas como Administración.*

*Hai apenas dous anos a Xunta de Galicia poñía en marcha o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o período 2017 e 2020.*

*Nese plan, recóllense os seguintes obxectivos coas súas correspondentes medidas no relativo á muller no rural:*

- 1. Desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos seus municipios.*
- 2. Reducir a fenda dixital de xénero no acceso, coñecemento, tipo e intensidade de usos das tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural.*
- 3. Apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económicos agrario, gandeiro e pesqueiro.*
- 4. Fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.*

*Tamén é fundamental incentivar a incorporación das mulleres aos órganos de decisión do sector agroalimentario rural. As organizacións agrarias, as cooperativas e os grupos de desenvolvemento rural*



*deben contar cunha presenza feminina en órganos directivos acordes coa realidade das mulleres rurais.*

*É necesario fomentar e promover o protagonismo feminino na toma de decisións no medio rural, co fin de que as mulleres alcancen a representatividade que equitativamente lles corresponde.*

*A aposta da Xunta pola creación de oportunidades e o impulso dunha igualdade real é un eixo primordial en todas as actuacións que levamos a cabo no rural galego.*

*Así mesmo, a Xunta é consciente de que para facer de Galicia o mellor lugar para nacer, é preciso ofrecerlles todos os recursos necesarios ás familias que decidan ter un fillo.*

*Nunca antes en Galicia houbo tantas facilidades coma hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais.*

*Existen 25.000 prazas en escolas infantís en Galicia, o que supón unha ratio de cobertura do 44% ou o que é o mesmo, 11 puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.*

*Para lograr a igualdade de oportunidades, independentemente do lugar de nacemento, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2016 as Casas Niño. Unha medida pioneira e experimental que aproxima os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia aos concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes, que a día de hoxe non contan con ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade.*

*En 2019 hai 60 casas niño que ofrecen 300 prazas de atención á infancia nos concellos pequenos, mentres que en 2009 non había ningunha. E en maio deste ano 2019 publicamos unha cuarta convocatoria para chegar aos 75 centros. O compromiso é que ao remate desta lexislatura todos os concellos de menos de 5000 habitantes poidan ter un recurso de conciliación.*

*A partir do vindeiro ano, a educación infantil será gratuíta para todas as familias dende a segunda filla ou fillo e sucesivos.*

*Outra medida de conciliación posta en marcha polo goberno galego, é a Tarxeta Benvida; unha prestación económica de 1.200 euros anuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, produtos de hixiene ou farmacéuticos e recentemente servizos e produtos para mellorar a saúde visual das nenas e nenos de entre 0-3 anos.*






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/10/2019 13:47:03  
**Nº Rexistro: 58139**  
Data envío: 25/10/2019 13:47:03.290



*Desde a súa implantación no ano 2016 ata o día de hoxe levamos concedidas máis de 45.000 tarxetas benvida. No 2017 estendeuse a prestación ata o terceiro ano de vida da nena ou neno, para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior aos 22.000 euros. Recibindo:*

- 600 € ao ano para o primeiro fillo;
- 1.200 € para o segundo fillo;
- E 2.400 € para o terceiro.

*Estes importes veranse incrementados no vindeiro ano para as familias que vivan en concellos de menos de 5.000 habitantes.*

*No ano 2018 abrimos a posibilidade de presentar a solicitude xa dende o embarazo. E tamén as persoas galegas que residindo no exterior, decidan regresar a Galicia, poderán optar á axuda.*

*Outro recurso de conciliación posto a disposición das familias galegas é o Bono Concilia: un apoio para as familias que non obteñan praza nas outras modalidades de escola infantil ou que vivan nun concello onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos.*

*O ano pasado, recibiron o Bono Concilia 4.414 familias, un 20% máis das que o recibiran en 2017.*

*Outro recurso máis, o Bono Coidado. Así, ata o ano 2019 outorgáronse 500 Bonos Coidado, que permiten contratar de xeito puntual a unha persoa coidadora ante imprevistos, como que o neno ou nena se poña enfermo.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/10/2019 13:47:03  
**Nº Rexistro: 58139**  
Data envío: 25/10/2019 13:47:03.290

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/10/2019 13:46:34**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 42046**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a gratuidade da peaxe da AP-9 entre Curro e Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 410 do 14 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas nesta autoestrada de titularidade estatal, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

No eido das autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), que xa de por si teñen unhas das tarifas máis baixas do Estado, é onde a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, vén centrando os seus esforzos. Estas autoestradas autonómicas contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende



desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas, como así aparece recollido no proxecto de Orzamentos para 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58198**  
Data envío: 29/10/2019 14:30:19.843

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:30:16**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 44865**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a posible valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de colaborar co Goberno central na procura dun acordo que permita eliminar ou rebaixar a peaxe da AP-9 no tramo comprendido entre A Coruña e Ferrol”**, (publicada no BOPG número 427 do 6 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas nesta autoestrada de titularidade estatal, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

No eido das autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), que xa de por si teñen unhas das tarifas máis baixas do Estado, é onde a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, vén centrando os seus esforzos. Estas autoestradas autonómicas contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por tratamento horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no tratamento horario nocturno que comprende





desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas, como así aparece recollido no proxecto de Orzamentos para 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58197**  
Data envío: 29/10/2019 14:30:12.155

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:30:08**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno número: **46650**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre “ **as previsións do Goberno galego respecto da atención das distintas demandas existentes nas escolas infantís do concello de Lalín**”, (publicada no BOPG número 437 do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ampliou a capacidade cunha nova unidade na escola infantil de Pontiñas en Lalín.

O centro que contaba con 61 prazas e 4 unidades, aumentou a súa capacidade ata as 74 prazas distribuídas en 5 unidades, grazas á actuación de acondicionamento que permitiron a posta en marcha da nova aula e que posibilitou incluír ás nenas e nenos que tiñan solicitado praza durante o período ordinario de matrícula.

As dúas escolas públicas de Lalín suman así un total de 148 prazas o que supón unha rateo de atención do 36%, tres puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.

O Concello foi o encargado de realizar as melloras na escola mentres que a Consellería de Política Social financia as mesmas a través da compensación ao Concello na liquidación anual que emite o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que ademais dotou á escola do persoal necesario para atender á nova unidade.



Os horarios de toda a rede de escolas a Galiña Azul veñen determinados polas solicitudes das familias. Para o curso 2019/20, tendo en conta as solicitudes presentadas no baremo ordinario de adxudicación de prazas iniciado en marzo, amplíase o horario de peche do centro en media hora por contar coa solicitude de varios usuarios para dito horario, quedando establecido de 7.45 a 17.30 horas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58357**  
Data envío: 31/10/2019 09:12:35.393

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:12:30**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 47413**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da escaseza de recursos de protección á infancia”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A protección e o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes resulta unha prioridade para o Goberno galego.

Neste escenario, respecto dos recursos de protección á infancia nos últimos anos realizáronse esforzos orzamentarios e de xestión que permitiron mellorar en moitos aspectos tanto o acollemento residencial como familiar.

A Lei 26/2015, pola que se reforma o sistema de protección á infancia e á adolescencia, establece a competencia das entidades locais na prevención e na intervención das situacións de risco leve. Con todo a Xunta de Galicia conta con 386 prazas de atención de día como recurso na prevención das situacións de desprotección infantil.

O número de prazas de acollemento residencial foi incrementado na nosa Comunidade Autónoma nos últimos tempos, pasando das 791 prazas no 2017 ás 824 na actualidade e en atención de día das 379 ás 386. En total os recursos residenciais pasaron das 1.170 prazas no 2017 ás 1.210 no 2019.

É importante sinalar, así mesmo, que a Xunta de Galicia realiza unha inversión constante nos equipamentos destinados ao acollemento de nenos, nenas e adolescentes: entre o 2017 e o 2018 investíronse, máis de un millón de euros para a realización de obras e a inversión en equipamentos dos centros de protección de menores xestionados por entidades de iniciativa social. Así mesmo, investíronse 2,5 millóns en centros de titularidade da Xunta de Galicia.



Respecto do acollemento familiar no 2017 incrementouse a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.

Tamén nese ano incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Nesta mesma liña, no 2018 mantense o reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42 %). Ademais en 2018 mellórase o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiou ao 95 % das familias acolledoras.

Así mesmo, é intención da Consellería de Política Social impulsar un tratamento homoxéneo das compensacións económicas por acollemento das distintas comunidades autónomas para a súa consideración como rendas exentas no cómputo de ingresos da unidade de convivencia, aos efectos da percepción de determinadas prestacións sociais e económicas. Neste sentido, xa se elevou ao Ministerio competente na materia a petición de considerar compatible a remuneración por acollemento coas pensións mínimas de supervivencia. Pola súa parte, a Consellería xa eliminou a incompatibilidade da percepción da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) co remuneración por acollemento.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

A Consellería de Política Social aprobou o 7 de marzo de 2019 a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos anos 2018-2020, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma de Galicia.

A estratexia estrutúrase en catro grandes liñas de actuación, e dedica unha delas, a terceira, á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social. Dentro desta liña uno dos seus obxectivos estratéxicos é deseñar unha serie de actuacións coas que se pretende mellorar os programas de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial especialmente para nenos e nenas de 0 a 6 anos, e no acollemento residencial; garantir a súa adecuación ás necesidades da persoa menor de idade a través da especialización, a diversificación e a calidade da atención.





Continuando coas políticas de apoio ao acollemento familiar é importante destacar o asesoramento e apoio ás familias acolledores, para o que a Xunta de Galicia articula unha serie de actuacións de apoio técnico e acompañamento durante todo o tempo que dure o proceso, dos equipos técnicos do menor da Consellería de Política Social e dos equipos especializados da entidade Aldeas Infantís SOS, no caso de familias extensas e dos equipos especializados da entidade Cruz Vermella e, no caso de familias alleas. Isto supón un investimento superior aos 630.000 €.

En relación coa atención terapéutica á infancia, a Xunta de Galicia inviste máis de 230.000 € nun programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo.

Os/as nenos/as no sistema de protección de menores constitúen unha poboación de grande vulnerabilidade. Por un lado, a maioría deles, se non todos, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas na súa entorna familiar. Por outro lado, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do entorno e dos profesionais que os atenden.

Considérase prioritario promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-conductuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Dentro desta materia, cómpre sinalar que este é un programa de apoio e que os nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección contan cos recursos sanitarios públicos, sobre todo no eido da saúde mental e que realízanse permanentemente labores de seguimento e coordinación entre os distintos departamentos implicados.

En relación cos menores estranxeiros non acompañados, a Xunta de Galicia mantén a atención integral deles en igualdade de condicións que o resto de nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, prestándolle especial atención naquelas facetas que requiren dunha intervención especializada (idioma, proxecto vital de inserción,...). Certamente nos últimos anos vivimos un repunte na chegada destes menores en consonancia coa situación estatal e europea, pero a Xunta de Galicia aténdeos cos recursos normalizados que, como sinalamos anteriormente, incrementáronse no acollemento residencial en 40 prazas nos dous últimos anos.





Cómpre destacar, por último, que os menores do sistema de protección constitúen unha poboación de gran vulnerabilidade. Para moitos deles tanto o maltrato ou descoido previo que sufriron como a propia separación da familia de orixe son feitos traumáticos que poden afectar o seu desenvolvemento socio-emocional e á súa saúde mental, por isto a intervención e o seguimento que se realiza destes menores esta realizado e tutorizado por profesionais cualificados. Neste sentido, ademais dos múltiples programas que se poñen a disposición dos nenos, nenas e adolescentes que os precisen, os Equipos Técnicos de Menores (ETM) traballan directamente na intervención e na toma de decisións sobre o plan vital destes menores.

O labor destes equipos ven apoiada igualmente polo seguimento e control que se debe realizar por parte dos servizos sociais comunitarios.

Así mesmo, para complementar o traballo que se desenvolve cos menores nos centros de protección, a Consellería de Política Social conta con programas complementarios de atención de menores en situación de risco ou desamparo a través dos cales se pretende ofrecer todos os recursos necesarios para superar as difíciles situacións ás que se enfrontan e acadar un satisfactorio desenvolvemento da súa personalidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:22:30  
**Nº Rexistro: 58089**  
Data envío: 24/10/2019 13:22:30.480

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:22:25

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno: **48344**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das axudas destinadas polo Goberno central ás comunidades autónomas para a atención aos menores estranxeiros non acompañados”**, (publicada no BOPG número 458 do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“En relación cos menores estranxeiros non acompañados, a Xunta de Galicia mantén a atención integral deles en igualdade de condicións que o resto de nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, prestándolle especial atención naquelas facetas que requiren dunha intervención especializada (idioma, proxecto vital de inserción,...).

Nos últimos anos vivimos un repunte na chegada destes menores en consonancia coa situación estatal e europea.

Cómpre destacar que a Xunta incrementou o número de prazas de acollemento residencial nos dous últimos anos, pasando das 1.170 no 2017 ás 1.210 no 2019. Por todo o anterior e tendo en conta a evolución das cifras sinaladas anteriormente, a achega estatal resulta insuficiente para dar resposta a esta realidade.

A Consellería de Política Social aumentou no 2019 o orzamento destinado ao Programa de Integración Familiar respecto do 2018, chegando aos 630.671,21 euros, atendendo a máis de 330 nenos, nenas e adolescentes e 200 familias.

Respecto do acollemento familiar no 2017 incrementouse a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.

Tamén nese ano incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.



Nesta mesma liña, no 2018 mantense o reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42 %). Ademais en 2018 mellórase o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiou ao 95 % das familias acolledoras.

Así mesmo, é intención da Consellería de Política Social impulsar un tratamento homoxéneo das compensacións económicas por acollemento das distintas comunidades autónomas para a súa consideración como rendas exentas no cómputo de ingresos da unidade de convivencia, aos efectos da percepción de determinadas prestacións sociais e económicas. Neste sentido, xa se elevou ao Ministerio competente na materia a petición de considerar compatible a remuneración por acollemento coas pensións mínimas de supervivencia. Pola súa parte, a Consellería xa eliminou a incompatibilidade da percepción da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) co remuneración por acollemento.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

A Consellería de Política Social aprobou o 7 de marzo de 2019 a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos anos 2018-2020, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma de Galicia.

A estratexia estrutúrase en catro grandes liñas de actuación e dedica unha delas, a terceira, á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social. Dentro desta liña un dos seus obxectivos estratéxicos é deseñar unha serie de actuacións coas que se pretende mellorar os programas de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial especialmente para nenos e nenas de 0 a 6 anos. E no acollemento residencial garantir a súa adecuación ás necesidades da persoa menor de idade a través da especialización, a diversificación e a calidade da atención.

Continuando coas políticas de apoio ao acollemento familiar é importante destacar o asesoramento e apoio ás familias acolledoras, para o que a Xunta de Galicia articula unha serie de actuacións de apoio técnico e acompañamento, durante todo o tempo que dure o proceso, dos equipos técnicos do menor da Consellería de Política Social e dos equipos especializados da entidade Aldeas Infantís SOS, no caso de familias extensas e dos equipos especializados da entidade Cruz Vermella no caso de familias alleas. Cun investimento superior aos 630.000 €.

A Xunta de Galicia traballa o acercamento á maioría de idade dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, a través do programa Mentor.



O obxecto deste programa é a inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social.

Este programa vai dirixido a aqueles mozos e mozas entre 16 e 21 anos, que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarios doutros programas dependentes do órgano xestor, derivados polas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, logo de proposta dos equipos técnicos do menor e coa conformidade do usuario.

Excepcionalmente a participación no programa poderase prorrogar ata os 25 anos, para o que se valorará o aproveitamento que o usuario fixese do mesmo, a mellora da formación e empregabilidade que se prevexa acadar coa prórroga e os apoios familiares con que conte.

Consideraranse preferentes á hora de incorporarse ao programa de inserción sociolaboral aqueles mozos e mozas que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia, pola ausencia desta ou por resultar desaconsellable a súa reintegración familiar.

O número aproximado de usuarios do programa é de 500 ao ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58196**  
Data envío: 29/10/2019 14:30:04.983

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:30:01**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 48651**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “ **a avaliación da Xunta de Galicia respecto do estado das instalacións cedidas á Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Vilagarcía de Arousa**”, (publicada no BOPG número 458 do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención temperá ten como finalidade ofrecer aos nenos e nenas de 0-6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos un conxunto de accións compensadoras, que faciliten a súa adecuada maduración en todos os ámbitos e que lles permita alcanzar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

Conforman a Rede galega de servizos de atención temperá todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas, nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de forma directa ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente na nosa Comunidade Autónoma dispónse con recursos de atención temperá a nivel municipal subvencionados pola Consellería de Política Social, con recursos educativos e sanitarios dentro dos distintos complexos hospitalarios no ámbito das Consellerías respectivas, e con recursos desta mesma tipoloxía no ámbito da entidades de iniciativa social, igualmente subvencionados pola Xunta de Galicia a través de diferentes programas.

Polo tanto, para unha análise completa do esforzo inversor da Xunta de Galicia no ámbito da atención temperá é necesario ter en conta en primeiro lugar as distintas unidades de atención temperá adscritas



ao Servizo Galego de Saúde actualmente existentes nos complexos hospitalarios das Comunidade Autónoma e que conforman da Rede Galega de Atención Temperá que son as seguintes:

Unidades de Atención Temperá Hospitalaria	Ámbito	Titularidade
Unidade de Atención Temperá Hospital Novoa Santos Ferrol	Area Sanitaria Ferrol	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Teresa Herrera Coruña	Area Sanitaria Coruña	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Clínico Universitario Santiago de Compostela	Area Sanitaria Santiago Compostela	SERGAS
Hospital Universitario Lucus Augusti	Area Sanitaria Lugo	SERGAS
Hospital da Costa	Mariña lucense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Área Sanitaria de Ourense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Area Sanitaria Pontevedra	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Area Sanitaria Vigo	SERGAS
Centro San Rafael	Vigo	Concertado

Así mesmo, a estas unidades habería que engadir os equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación, existentes en cada unha das Xefaturas Territoriais. Estes servizos teñen unha composición profesional que pretende dar resposta ás necesidades de intervención externa ligadas a aspectos psicopedagóxicos específicos e a cuestións sociais que teñen incidencia no ámbito educativo.

Pola súa parte, a Consellería de Política Social promove a prestación de este tipo de servizos de atención temperá principalmente mediante o financiamento de dúas liñas de actuación, dirixidas por unha banda ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade e por outra ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a convocatoria anual con cargo á asignación tributaria do 0,7% IRPF supón outra importante liña de financiamento destinada a subvencionar os gastos de funcionamento dos programas e recursos de atención temperá promovidos por entidades do ámbito da discapacidade.

Para o financiamento dos servizos integrados na Rede galega de atención temperá a Consellería de Política Social convocou para o anos 2018-2019 una liña de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Programa Operativo Galicia 2014-2020, destinada ás entidades locais de Galicia que prestasen este tipo de servizos ben de xeito individual ou ben mediante sistema de xestión compartida, a través de agrupacións ou mancomunidades de Concellos e consorcios locais.

O crédito inicial previsto é de 1.633.953 € (anualidade 2019) distribuído en dous programas:

- Programa I: consolidación de servizos financiados ao abeiro da orde precedente: 1.120.983,60 €





- Programa II: servizos actualmente non subvencionados ao abeiro da citada orde e implantación de novos: 512.969,40 €

O orzamento destinado ao financiamento dos servizos da Rede galega de atención temperá para o presente período subvencionable (01/11/2018-31/10/2019) representa un incremento do 17,67 % con respecto aos recursos destinados para esta mesma finalidade no anterior período por esta Consellería (01/11/2017-31/10/2018).

Coa resolución desta nova convocatoria consolídanse as 13 unidades preexistentes (que dan servizo a un total de 56 concellos) postas en marcha coas anteriores convocatorias e concédeselle axudas a 10 novas unidades (que darán servizo a un total de 26 concellos), facendo un total de 23 unidades de atención temperá subvencionadas mediante esta liña.

Finalmente, esta Consellería subvenciona, a través dun convenio de colaboración anual asinado coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), o funcionamento de tres unidades de atención temperá, situadas nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, cun orzamento total neste ano 2019 de 315.000 euros. Estas tres unidades dan servizo aos seguintes 22 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Comarca do Deza: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.
- Comarca do Salnés: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa y Vilanova de Arousa.
- Comarca de Bergantiños: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Ponteceso.

De acordo coa Memoria de Actividades que recolle o funcionamento das tres unidades durante o ano 2018, as tres unidades en funcionamento manteñen datos excelentes nos seus resultados avaliados tanto no aspecto cuantitativo como na satisfacción das familias atendidas, obtendo unha cualificación próxima á máxima puntuación e cunha alta participación das familias nas enquisas.

A Consellería de Política Social vai continuar na liña de ampliar o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada, fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.



Así mesmo, ademais de consolidar e expandir a Rede galega de atención temperá para chegar a máis puntos do territorio da nosa Comunidade Autónoma, a Consellería de Política Social ten entre os seus obxectivos continuar reforzando a coordinación dos profesionais que prestan o servizo de atención temperá e facilitar a súa formación a través do desenvolvemento de programas formativos desenvolvidos dende a Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:22:01  
**Nº Rexistro: 58087**  
Data envío: 24/10/2019 13:22:01.121

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:58**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 49268**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araujo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para evitar que case unha cuarta parte das mulleres de menos de trinta anos non teña fillos por razóns económicas ou de conciliación”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta é consciente de que para facer de Galicia o mellor lugar para nacer, é preciso ofrecerlles todos os recursos necesarios ás familias que decidan ter un fillo.

Nunca antes en Galicia houbo tantas facilidades coma hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais.

Existen 25.000 prazas en escolas infantís en Galicia, o que supón unha ratio de cobertura do 44% ou o que é o mesmo, 11 puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.

Para lograr a igualdade de oportunidades, independentemente do lugar de nacemento, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2016 as Casas Niño. Unha medida pioneira e experimental que aproxima os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia aos concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes, que a día de hoxe non contan con ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade.



En 2019 hai 60 casas niño que ofrecen 300 prazas de atención á infancia nos concellos pequenos, mentres que en 2009 non había ningunha. E en maio deste ano 2019 publicamos unha cuarta convocatoria para chegar aos 75 centros. O compromiso é que ao remate desta lexislatura todos os concellos de menos de 5000 habitantes poidan ter un recurso de conciliación.

A partir do vindeiro ano, a educación infantil será gratuíta para todas as familias dende a segunda filla ou fillo e sucesivos.

Outra medida de conciliación posta en marcha polo goberno galego, é a Tarxeta Benvida; unha prestación económica de 1.200 euros anuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, produtos de hixiene ou farmacéuticos e recentemente servizos e produtos para mellorar a saúde visual das nenas e nenos de entre 0-3 anos.

Desde a súa implantación no ano 2016 ata o día de hoxe levamos concedidas máis de 45.000 tarxetas benvida. No 2017 estendeuse a prestación ata o terceiro ano de vida da nena ou neno, para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior aos 22.000 euros. Recibindo:

600 € ao ano para o primeiro fillo;

1.200 € para o segundo fillo;

E 2.400 € para o terceiro.

Estes importes veranse incrementados no vindeiro ano para as familias que vivan en concellos de menos de 5.000 habitantes.

No ano 2018 abrimos a posibilidade de presentar a solicitude xa dende o embarazo. E tamén as persoas galegas que residindo no exterior, decidan regresar a Galicia, poderán optar á axuda.

Outro recurso de conciliación posto a disposición das familias galegas é o Bono Concilia: un apoio para as familias que non obteñan praza nas outras modalidades de escola infantil ou que vivan nun concello onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos.

O ano pasado, recibiron o Bono Concilia 4.414 familias, un 20% máis das que o recibiran en 2017.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:40  
**Nº Rexistro: 58086**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:40.043

Outro recurso máis, o Bono Coidado. Así, ata o ano 2019 outorgáronse 500 Bonos Coidado, que permiten contratar de xeito puntual a unha persoa coidadora ante imprevistos, como que o neno ou nena se poña enfermo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**

páxina 3 de 3

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:40  
**Nº Rexistro: 58086**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:40.043

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:37**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 42045**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“a gratuidade da peaxe da AP-9 entre Curro e Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 411 do 15 de xaneiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas nesta autoestrada de titularidade estatal, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

No eido das autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), que xa de por si teñen unhas das tarifas máis baixas do Estado, é onde a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, vén centrando os seus esforzos. Estas autoestradas autonómicas contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende





desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas, como así aparece recollido no proxecto de Orzamentos para 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58199**  
Data envío: 29/10/2019 14:30:26.936

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:30:23**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 44864**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García, sobre **“as intencións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Goberno central para eliminar ou rebaixar a peaxe da AP-9 no tramo comprendido entre A Coruña e Ferrol e a dispoñibilidade de estudos referidos ao posible impacto desta medida na contorna”**, (publicada no BOPG número 428 do 7 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas nesta autoestrada de titularidade estatal, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

No eido das autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57), que xa de por si teñen unhas das tarifas máis baixas do Estado, é onde a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, vén centrando os seus esforzos. Estas autoestradas autonómicas contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno que comprende



desde as 0:00 horas ata as 06:00 horas.

Ademais, a Xunta xa ten anunciado a intención de establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas, como así aparece recollido no proxecto de Orzamentos para 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58200**  
Data envío: 29/10/2019 14:31:02.936

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:30:59**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46019**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don David Rodríguez Estévez, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas á concertación de prazas na residencia de persoas maiores que se vai construír no concello Chandrexa de Queixa, a súa opinión respecto da viabilidade do actual proxecto e a lista de agarda que hai no concello para cada unha das prestacións de dependencia”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre salientar que o centro residencial de Chandrexa de Queixa é de titularidade municipal. Polo tanto, no relativo á viabilidade do proxecto desta residencia, a Xunta de Galicia esixe o cumprimento das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os servizos de atención a persoas maiores, de conformidade co previsto na normativa que desenvolve a racionalización do sector público autonómico.

No que respecta á lista de agarda no programa de asignación de recursos de dependencia dicir que segundo o programa de asignación de recursos (art. 44. do Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes- e posteriormente a entrada en vigor da Lei 3/2018 do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 29.3), na lista de agarda figuran dúas persoas en situación de dependencia (unha para atención residencial e outra para servizo de axuda no fogar).



No que respecta á prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), os Servizos Sociais Comunitarios do concello de Chandrexa de Queixa son os que xestionan o programa de asignación de recursos do SAF”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58359**  
Data envío: 31/10/2019 09:12:57.831

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:12:54**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 46651**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non habilitar novas unidades nas escolas infantís do concello de Lalín, así como para non ofertar un horario de atención máis amplo na escola do polígono industrial”**, (publicada no BOPG número 437 do 27 de febreiro de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ampliou a capacidade cunha nova unidade na escola infantil de Pontiñas en Lalín.

O centro, que contaba con 61 prazas e 4 unidades, aumentou a súa capacidade ata as 74 prazas distribuídas en 5 unidades grazas á actuación de acondicionamento que permitiu a posta en marcha da nova aula e que posibilitou incluír ás nenas e nenos que tiñan solicitado praza durante o período ordinario de matrícula.

As dúas escolas públicas de Lalín suman así un total de 148 prazas o que supón unha rateo de atención do 36%, tres puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.

O Concello foi o encargado de realizar as melloras na escola mentres que a Consellería de Política Social financia as mesmas a través da compensación ao Concello na liquidación anual que emite o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que ademais dotou á escola do persoal necesario para atender á nova unidade.

Os horarios de toda a rede de escolas a Galiña Azul veñen determinados polas solicitudes das familias. Para o curso 2019/20, tendo en conta as solicitudes presentadas no baremo ordinario



de adxudicación de prazas iniciado en marzo, ampliase o horario de peche do centro en media hora por contar coa solicitude de varios usuarios para dito horario, quedando establecido de 7.45 a 17.30 horas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58356**  
Data envío: 31/10/2019 09:12:26.252

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:12:10**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 47412**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luís Villares Naveira, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a total integración na sociedade dos menores en situación de tutela ou garda”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A protección e o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes resulta unha prioridade para o Goberno galego.

Neste escenario, respecto dos recursos de protección á infancia nos últimos anos realizáronse esforzos orzamentarios e de xestión que permitiron mellorar en moitos aspectos tanto o acollemento residencial como familiar.

A Lei 26/2015, pola que se reforma o sistema de protección á infancia e á adolescencia, establece a competencia das entidades locais na prevención e na intervención das situacións de risco leve. Con todo a Xunta de Galicia conta con 386 prazas de atención de día como recurso na prevención das situacións de desprotección infantil.

O número de prazas de acollemento residencial foi incrementado na nosa Comunidade Autónoma nos últimos tempos, pasando das 791 prazas no 2017 ás 824 na actualidade e en atención de día das 379 ás 386. En total os recursos residenciais pasaron das 1.170 prazas no 2017 ás 1.210 no 2019.

É importante sinalar, así mesmo, que a Xunta de Galicia realiza unha inversión constante nos equipamentos destinados ao acollemento de nenos, nenas e adolescentes: entre o 2017 e o 2018 investíronse, máis de un millón de euros para a realización de obras e a inversión en equipamentos dos centros de protección de menores xestionados por entidades de iniciativa social. Así mesmo, investíronse 2,5 millóns en centros de titularidade da Xunta de Galicia.



Respecto do acollemento familiar no 2017 incrementouse a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.

Tamén nese ano incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Nesta mesma liña, no 2018 mantense o reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42 %). Ademais en 2018 mellórase o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiou ao 95 % das familias acolledoras.

Así mesmo, é intención da Consellería de Política Social impulsar un tratamento homoxéneo das compensacións económicas por acollemento das distintas comunidades autónomas para a súa consideración como rendas exentas no cómputo de ingresos da unidade de convivencia, aos efectos da percepción de determinadas prestacións sociais e económicas. Neste sentido, xa se elevou ao Ministerio competente na materia a petición de considerar compatible a remuneración por acollemento coas pensións mínimas de supervivencia. Pola súa parte, a Consellería xa eliminou a incompatibilidade da percepción da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) co remuneración por acollemento.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

A Consellería de Política Social aprobou o 7 de marzo de 2019 a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos anos 2018-2020, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma de Galicia.

A estratexia estrutúrase en catro grandes liñas de actuación, e dedica unha delas, a terceira, á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social. Dentro desta liña uno dos seus obxectivos estratéxicos é deseñar unha serie de actuacións coas que se pretende mellorar os programas de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial especialmente para nenos e nenas de 0 a 6 anos, e no acollemento residencial; garantir a súa adecuación ás necesidades da persoa menor de idade a través da especialización, a diversificación e a calidade da atención.





Continuando coas políticas de apoio ao acollemento familiar é importante destacar o asesoramento e apoio ás familias acolledores, para o que a Xunta de Galicia articula unha serie de actuacións de apoio técnico e acompañamento durante todo o tempo que dure o proceso, dos equipos técnicos do menor da Consellería de Política Social e dos equipos especializados da entidade Aldeas Infantís SOS, no caso de familias extensas e dos equipos especializados da entidade Cruz Vermella e, no caso de familias alleas. Isto supón un investimento superior aos 630.000 €.

En relación coa atención terapéutica á infancia, a Xunta de Galicia inviste máis de 230.000 € nun programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo.

Os/as nenos/as no sistema de protección de menores constitúen unha poboación de grande vulnerabilidade. Por un lado, a maioría deles, se non todos, entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole (abandono, abuso, maltrato físico ou sexual, alto nivel de conflito, etc.) ao longo das súas vidas na súa entorna familiar. Por outro lado, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do entorno e dos profesionais que os atenden.

Considérase prioritario promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-conductuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

Dentro desta materia, cómpre sinalar que este é un programa de apoio e que os nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección contan cos recursos sanitarios públicos, sobre todo no eido da saúde mental e que realízanse permanentemente labores de seguimento e coordinación entre os distintos departamentos implicados.

En relación cos menores estranxeiros non acompañados, a Xunta de Galicia mantén a atención integral deles en igualdade de condicións que o resto de nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, prestándolle especial atención naquelas facetas que requiren dunha intervención especializada (idioma, proxecto vital de inserción,...). Certamente nos últimos anos vivimos un repunte na chegada destes menores en consonancia coa situación estatal e europea, pero a Xunta de Galicia aténdeos cos recursos normalizados que, como sinalamos anteriormente, incrementáronse no acollemento residencial en 40 prazas nos dous últimos anos.



Cómpre destacar, por último, que os menores do sistema de protección constitúen unha poboación de gran vulnerabilidade. Para moitos deles tanto o maltrato ou descoido previo que sufriron como a propia separación da familia de orixe son feitos traumáticos que poden afectar o seu desenvolvemento socio-emocional e á súa saúde mental, por isto a intervención e o seguimento que se realiza destes menores esta realizado e tutorizado por profesionais cualificados. Neste sentido, ademais dos múltiples programas que se poñen a disposición dos nenos, nenas e adolescentes que os precisen, os Equipos Técnicos de Menores (ETM) traballan directamente na intervención e na toma de decisións sobre o plan vital destes menores.

O labor destes equipos ven apoiada igualmente polo seguimento e control que se debe realizar por parte dos servizos sociais comunitarios.

Así mesmo, para complementar o traballo que se desenvolve cos menores nos centros de protección, a Consellería de Política Social conta con programas complementarios de atención de menores en situación de risco ou desamparo a través dos cales se pretende ofrecer todos os recursos necesarios para superar as difíciles situacións ás que se enfrontan e acadar un satisfactorio desenvolvemento da súa personalidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:22:38  
**Nº Rexistro: 58090**  
Data envío: 24/10/2019 13:22:38.402

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:22:34**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 47768, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da consignación dos fondos necesarios para aumentar as prazas de centro de día no concello das Pontes de García Rodríguez, así como o impulso dunha residencia pública nese concello”**, (publicada no BOPG número 446 do 21 de marzo de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O centro de día das Pontes de García Rodríguez entrou en funcionamento no ano 2012 e xestiónao o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en virtude dun convenio de colaboración asinado co concello nese mesmo ano. O convenio establecía que o centro entraría en funcionamento inicialmente con 16 prazas operativas, prevéndose un aumento gradual ata as 30 prazas.

A xestión do centro atópase en fase de licitación e está previsto que o novo contrato inclúa un aumento progresivo das prazas que poidan dar cobertura ás solicitudes existentes.

O número de horas SAF que financia a Xunta ao Concello das Pontes é 6.938, mediante as cales se benefician 138 persoas maiores dependentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58353**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:51.315

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:48**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión: **48345**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego referida ao número de menores estranxeiros non acompañados acollidos en Galicia e as axudas destinadas polo Goberno central ás comunidades autónomas para a súa atención, os seus obxectivos na materia para a X lexislatura, así como as medidas adoptadas e previstas para reforzar a integración familiar dos menores que se atopan en acollemento residencial”**, (publicada no BOPG número 458 do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** que ten o seguinte contido:

“En relación cos menores estranxeiros non acompañados, a Xunta de Galicia mantén a atención integral deles en igualdade de condicións que o resto de nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, prestándolle especial atención naquelas facetas que requiren dunha intervención especializada (idioma, proxecto vital de inserción,...).

Nos últimos anos vivimos un repunte na chegada destes menores en consonancia coa situación estatal e europea.

Cómpre destacar que a Xunta incrementou o número de prazas de acollemento residencial nos dous últimos anos, pasando das 1.170 no 2017 ás 1.210 no 2019. Por todo o anterior e tendo en conta a evolución das cifras sinaladas anteriormente, a achega estatal resulta insuficiente para dar resposta a esta realidade.

A Consellería de Política Social aumentou no 2019 o orzamento destinado ao Programa de Integración Familiar respecto do 2018, chegando aos 630.671,21 euros, atendendo a máis de 330 nenos, nenas e adolescentes e 200 familias.

Respecto do acollemento familiar no 2017 incrementouse a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia.



Tamén nese ano incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Nesta mesma liña, no 2018 mantense o reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42 %). Ademais en 2018 mellórase o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiou ao 95 % das familias acolledoras.

Así mesmo, é intención da Consellería de Política Social impulsar un tratamento homoxéneo das compensacións económicas por acollemento das distintas comunidades autónomas para a súa consideración como rendas exentas no cómputo de ingresos da unidade de convivencia, aos efectos da percepción de determinadas prestacións sociais e económicas. Neste sentido, xa se elevou ao Ministerio competente na materia a petición de considerar compatible a remuneración por acollemento coas pensións mínimas de supervivencia. Pola súa parte, a Consellería xa eliminou a incompatibilidade da percepción da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) co remuneración por acollemento.

Con base nos principios xerais da normativa estatal e autonómica de protección de infancia, a política da Xunta de Galicia é favorecer o acollemento familiar fronte ao residencial.

A Consellería de Política Social aprobou o 7 de marzo de 2019 a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un instrumento de planificación das políticas de benestar que a Xunta de Galicia impulsará nos anos 2018-2020, dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma de Galicia.

A estratexia estrutúrase en catro grandes liñas de actuación e dedica unha delas, a terceira, á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar, escolar e social. Dentro desta liña un dos seus obxectivos estratéxicos é deseñar unha serie de actuacións coas que se pretende mellorar os programas de acollemento, priorizando o acollemento familiar fronte ao residencial especialmente para nenos e nenas de 0 a 6 anos. E no acollemento residencial garantir a súa adecuación ás necesidades da persoa menor de idade a través da especialización, a diversificación e a calidade da atención.

Continuando coas políticas de apoio ao acollemento familiar é importante destacar o asesoramento e apoio ás familias acolledoras, para o que a Xunta de Galicia articula unha serie de actuacións de apoio técnico e acompañamento, durante todo o tempo que dure o proceso, dos equipos técnicos do menor da Consellería de Política Social e dos equipos especializados da entidade Aldeas Infantís SOS, no caso de familias extensas e dos equipos especializados da entidade Cruz Vermella no caso de familias alleas. Cun investimento superior aos 630.000 €.



A Xunta de Galicia traballa o acercamento á maioría de idade dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, a través do programa Mentor.

O obxecto deste programa é a inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social.

Este programa vai dirixido a aqueles mozos e mozas entre 16 e 21 anos, que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarios doutros programas dependentes do órgano xestor, derivados polas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, logo de proposta dos equipos técnicos do menor e coa conformidade do usuario.

Excepcionalmente a participación no programa poderase prorrogar ata os 25 anos, para o que se valorará o aproveitamento que o usuario fixese do mesmo, a mellora da formación e empregabilidade que se prevexa acadar coa prórroga e os apoios familiares con que conte.

Consideraranse preferentes á hora de incorporarse ao programa de inserción sociolaboral aqueles mozos e mozas que precisen desenvolver a súa vida de xeito independente da súa propia familia, pola ausencia desta ou por resultar desaconsellable a súa reintegración familiar.

O número aproximado de usuarios do programa é de 500 ao ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58195**  
Data envío: 29/10/2019 14:29:57.655

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:29:54**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 48650**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias que presentan as instalacións, así como a dotación de medios humanos e materiais da Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Vilagarcía de Arousa”**, (publicada no BOPG número 458 do 9 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A atención temperá ten como finalidade ofrecer aos nenos e nenas de 0-6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos un conxunto de accións compensadoras, que faciliten a súa adecuada maduración en todos os ámbitos e que lles permita alcanzar o máximo nivel de desenvolvemento persoal e de integración social.

Conforman a Rede galega de servizos de atención temperá todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas, nos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais, ben sexan xestionados de forma directa ou indirectamente a través de entidades de iniciativa social.

Actualmente na nosa Comunidade Autónoma dispónse con recursos de atención temperá a nivel municipal subvencionados pola Consellería de Política Social, con recursos educativos e sanitarios dentro dos distintos complexos hospitalarios no ámbito das Consellerías respectivas, e con recursos desta mesma tipoloxía no ámbito da entidades de iniciativa social, igualmente subvencionados pola Xunta de Galicia a través de diferentes programas.

Polo tanto, para unha análise completa do esforzo inversor da Xunta de Galicia no ámbito da atención temperá é necesario ter en conta en primeiro lugar as distintas unidades de atención temperá adscritas



ao Servizo Galego de Saúde actualmente existentes nos complexos hospitalarios das Comunidade Autónoma e que conforman da Rede Galega de Atención Temperá que son as seguintes:

Unidades de Atención Temperá Hospitalaria	Ámbito	Titularidade
Unidade de Atención Temperá Hospital Novoa Santos Ferrol	Area Sanitaria Ferrol	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Teresa Herrera Coruña	Area Sanitaria Coruña	SERGAS
Unidade de Atención Temperá Hospital Clínico Universitario Santiago de Compostela	Area Sanitaria Santiago Compostela	SERGAS
Hospital Universitario Lucus Augusti	Area Sanitaria Lugo	SERGAS
Hospital da Costa	Mariña lucense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Área Sanitaria de Ourense	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Area Sanitaria Pontevedra	SERGAS
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	Area Sanitaria Vigo	SERGAS
Centro San Rafael	Vigo	Concertado

Así mesmo, a estas unidades habería que engadir os equipos de orientación específicos (EOE) da Consellería de Educación, existentes en cada unha das Xefaturas Territoriais. Estes servizos teñen unha composición profesional que pretende dar resposta ás necesidades de intervención externa ligadas a aspectos psicopedagóxicos específicos e a cuestións sociais que teñen incidencia no ámbito educativo.

Pola súa parte, a Consellería de Política Social promove a prestación de este tipo de servizos de atención temperá principalmente mediante o financiamento de dúas liñas de actuación, dirixidas por unha banda ás entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade e por outra ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, a convocatoria anual con cargo á asignación tributaria do 0,7% IRPF supón outra importante liña de financiamento destinada a subvencionar os gastos de funcionamento dos programas e recursos de atención temperá promovidos por entidades do ámbito da discapacidade.

Para o financiamento dos servizos integrados na Rede galega de atención temperá a Consellería de Política Social convocou para o anos 2018-2019 una liña de subvencións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Programa Operativo Galicia 2014-2020, destinada ás entidades locais de Galicia que prestasen este tipo de servizos ben de xeito individual ou ben mediante sistema de xestión compartida, a través de agrupacións ou mancomunidades de Concellos e consorcios locais.

O crédito inicial previsto é de 1.633.953 € (anualidade 2019) distribuído en dous programas:

- Programa I: consolidación de servizos financiados ao abeiro da orde precedente: 1.120.983,60 €





- Programa II: servizos actualmente non subvencionados ao abeiro da citada orde e implantación de novos: 512.969,40 €

O orzamento destinado ao financiamento dos servizos da Rede galega de atención temperá para o presente período subvencionable (01/11/2018-31/10/2019) representa un incremento do 17,67 % con respecto aos recursos destinados para esta mesma finalidade no anterior período por esta Consellería (01/11/2017-31/10/2018).

Coa resolución desta nova convocatoria consolídanse as 13 unidades preexistentes (que dan servizo a un total de 56 concellos) postas en marcha coas anteriores convocatorias e concédeselle axudas a 10 novas unidades (que darán servizo a un total de 26 concellos), facendo un total de 23 unidades de atención temperá subvencionadas mediante esta liña.

Finalmente, esta Consellería subvenciona, a través dun convenio de colaboración anual asinado coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), o funcionamento de tres unidades de atención temperá, situadas nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños, cun orzamento total neste ano 2019 de 315.000 euros. Estas tres unidades dan servizo aos seguintes 22 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Comarca do Deza: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda y Vila de Cruces.
- Comarca do Salnés: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa y Vilanova de Arousa.
- Comarca de Bergantiños: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Ponteceso.

De acordo coa Memoria de Actividades que recolle o funcionamento das tres unidades durante o ano 2018, as tres unidades en funcionamento manteñen datos excelentes nos seus resultados avaliados tanto no aspecto cuantitativo como na satisfacción das familias atendidas, obtendo unha cualificación próxima á máxima puntuación e cunha alta participación das familias nas enquisas.

A Consellería de Política Social vai continuar na liña de ampliar o número de unidades de atención temperá dentro da Comunidade Autónoma, configurando este servizo como unha atención especializada, fomentando a accesibilidade na intervención, a través da creación de equipos itinerantes interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil, que garantan o acceso a servizos de atención temperá ás familias que vivan en áreas de alta dispersión xeográfica.



Así mesmo, ademais de consolidar e expandir a Rede galega de atención temperá para chegar a máis puntos do territorio da nosa Comunidade Autónoma, a Consellería de Política Social ten entre os seus obxectivos continuar reforzando a coordinación dos profesionais que prestan o servizo de atención temperá e facilitar a súa formación a través do desenvolvemento de programas formativos desenvolvidos dende a Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 4 de 4



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:22:21  
**Nº Rexistro: 58088**  
Data envío: 24/10/2019 13:22:21.636

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:22:05**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49267**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araujo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“a avaliación que fai a Xunta de Galicia en relación cos datos referidos ás razóns das mulleres galegas para demoraren a súa maternidade ata pasados os trinta anos ou para teren menos fillos dos desexados, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta é consciente de que para facer de Galicia o mellor lugar para nacer, é preciso ofrecerlles todos os recursos necesarios ás familias que decidan ter un fillo.

Nunca antes en Galicia houbo tantas facilidades coma hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais.

Existen 25.000 prazas en escolas infantís en Galicia, o que supón unha ratio de cobertura do 44% ou o que é o mesmo, 11 puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.

Para lograr a igualdade de oportunidades, independentemente do lugar de nacemento, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2016 as Casas Niño. Unha medida pioneira e experimental que aproxima os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia aos concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes, que a día de hoxe non contan con ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade.



En 2019 hai 60 casas niño que ofrecen 300 prazas de atención á infancia nos concellos pequenos, mentres que en 2009 non había ningunha. E en maio deste ano 2019 publicamos unha cuarta convocatoria para chegar aos 75 centros. O compromiso é que ao remate desta lexislatura todos os concellos de menos de 5000 habitantes poidan ter un recurso de conciliación.

A partir do vindeiro ano, a educación infantil será gratuíta para todas as familias dende a segunda filla ou fillo e sucesivos.

Outra medida de conciliación posta en marcha polo goberno galego, é a Tarxeta Benvida; unha prestación económica de 1.200 euros anuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, produtos de hixiene ou farmacéuticos e recentemente servizos e produtos para mellorar a saúde visual das nenas e nenos de entre 0-3 anos.

Desde a súa implantación no ano 2016 ata o día de hoxe levamos concedidas máis de 45.000 tarxetas benvida. No 2017 estendeuse a prestación ata o terceiro ano de vida da nena ou neno, para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior aos 22.000 euros. Recibindo:

600 € ao ano para o primeiro fillo;

1.200 € para o segundo fillo;

E 2.400 € para o terceiro.

Estes importes veranse incrementados no vindeiro ano para as familias que vivan en concellos de menos de 5.000 habitantes.

No ano 2018 abrimos a posibilidade de presentar a solicitude xa dende o embarazo. E tamén as persoas galegas que residindo no exterior, decidan regresar a Galicia, poderán optar á axuda.

Outro recurso de conciliación posto a disposición das familias galegas é o Bono Concilia: un apoio para as familias que non obteñan praza nas outras modalidades de escola infantil ou que vivan nun concello onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos.

O ano pasado, recibiron o Bono Concilia 4.414 familias, un 20% máis das que o recibiran en 2017.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:35:15  
**Nº Rexistro: 58091**  
Data envío: 24/10/2019 13:35:15.074

Outro recurso máis, o Bono Coidado. Así, ata o ano 2019 outorgáronse 500 Bonos Coidado, que permiten contratar de xeito puntual a unha persoa coidadora ante imprevistos, como que o neno ou nena se poña enfermo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:35:15  
**Nº Rexistro: 58091**  
Data envío: 24/10/2019 13:35:15.074

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:35:11**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 49794**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o desprazamento da técnico titular da Unidade de Medicina Nuclear do Hospital Lucus Augusti de Lugo por unha persoa en comisión de servizo**”, (publicada no BOPG número 476 do 14 de maio de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A unidade de Medicina Nuclear do Hospital Universitario Lucus Augusti comenzou a realizar as súas funcións no 2016. Dentro do procedemento de apertura da nova unidade, realizouse formación e entreno do persoal técnico especialista en diagnóstico por imaxe.

O 17 setembro de 2018 incorporouse á unidade, en virtude de comisión de servizos, unha técnico especialista en medicina nuclear que ten nomeamento fixo, comisión de servizos que se tramitou conforme aos procedementos establecidos no Servizo Galego de Saúde. Esta profesional acredita formación académica e pertence a unha categoría con ámbito funcional específico nas unidades de medicina nuclear, polo que está habilitada, tanto academicamente como por razón de categoría, para prestar servizos en calquera unidade de medicina nuclear.

Respecto do persoal técnico especialista con especialidade en diagnóstico por imaxe compre dicir que non se cambiaron as condicións básicas da súa relación laboral. Seguen a rotar periodicamente pola unidade de Medicina Nuclear, o que estimamos necesario para que permanezan actualizados e coa formación necesaria para poder asumir o traballo na unidade.

O persoal que presta servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti ten ámbito do seu nomeamento no conxunto do centro e non en unidades concretas do mesmo. Por iso, sen prexuízo do establecido nos procedementos de mobilidade interna, pode ser asignado a realizar as funcións propias da súa categoría a calquera unidade da mesma.





Os técnicos especialistas de diagnóstico por imaxe do Hospital Universitario Lucus Augusti teñen nomeamento para prestar servizos no conxunto do centro, e o feito de ter formación específica en materia de medicina nuclear non impide a súa asignación a calquera unidade con funcións propias da súa categoría no referido centro. En calquera caso, todos os que acadaron formación e entrenamento específico seguen rotando pola unidade de Medicina Nuclear de xeito periódico. Ningún deles ten acadado destino exclusivo na unidade de Medicina Nuclear”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:47:46  
**Nº Rexistro: 58165**  
Data envío: 28/10/2019 12:47:46.799

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/10/2019 12:47:28**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/10/2019 12:47:24  
Nº Rexistro: 58164

Data envío: 28/10/2019 12:47:24.284

Data 28/10/2019 12:47

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 50241, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para reducir, na licitación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, a dotación de persoal das ambulancias de Foz, Monforte e do Salnés, así como para continuar co mesmo modelo de contratación e non estudar a viabilidade da asunción da súa xestión pública e directa”**, (publicada no BOPG número 482 do 4 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061) é o servizo encargado da atención ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa carta de servizos inclúe a prestación de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia.

A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado, tal e como se recolle nos seus Estatutos, é un dos fins da FPUSG-061, e ante a próxima finalización dos contratos do servizo de transporte sanitario urxente actualmente vixentes, con data 29 de abril de 2019 iniciou o expediente de contratación mediante 16 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) con dúas versións, 12 AA-SVA con persoal facultativo e 4 AA-SVA con persoal de enfermería, ademais de 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e 2 ambulancias non asistenciais ambulancias convencionais.

As AA-SVA con base no concello de Foz, Monforte e o Salnés forman parte dun novo modelo asistencial de atención ás urxencias e ás emerxencias que se está a implantar na Comunidade



Autónoma de Galicia, que estarán dotadas cun médico, un enfermeiro e un técnico en emerxencias sanitarias.

Estas tres unidades con persoal facultativo, terán entre as súas funcións, de forma prioritaria, dotar a estas tres bisbarras dun recurso de resposta inmediata para os traslados dos doentes atendidos nos hospitais comarcais correspondentes (Hospital da Mariña, Hospital de Monforte e Hospital do Salnés), que teñan sufrido patoloxías tempodependentes como un infarto agudo de miocardio, un ictus ou unha sepse e que poidan beneficiarse dos programas, que o Servizo Galego de Saúde, ten desenvolvidos, como o Progaliám, o Plan ictus ou o Código sepse.

Trasladarán, tamén, a outros hospitais galegos a todos aqueles pacientes críticos urxentes destes hospitais comarcais que necesiten continuidade máis especializada dos seus coidados ou ben a realización de probas diagnósticas especiais. A dotación de tres profesionais, entre os que contamos con persoal de enfermería e persoal facultativo, garante a atención e o manexo de calquera tipo de doente en situación crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria.

Precisamente, outras comunidades autónomas, como Euskadi, Illas Baleares, Andalucía, Cataluña, Illas Canarias, Murcia, Valencia e Madrid, levan tempo traballando na atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias con este mesmo modelo coa mesma dotación de persoal, cuns resultados que avalan a calidade asistencial na atención a calquera tipo de patoloxía urxente extrahospitalaria e interhospitalaria.

A incorporación deste modelo responde aos estudos, que a FPUSG-061 realiza periodicamente, para manter e mellorar a calidade organizativa e asistencial do servizo e que están baseados no tipo de servizos realizados e nas recomendacións e estudos científicos que avalan a calidade asistencial en calquera tipo de patoloxía urxente interhospitalaria e extrahospitalaria realizada coa dotación de recursos humanos contemplada.

Conforme á nova de Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a mellor relación calidade-prezo, que se avaliará atendendo a criterios económicos e cualitativos.

En todo caso, e como non podía ser doutro xeito, o novo procedemento aterase estritamente ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se






**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:47:24  
**Nº Rexistro: 58164**  
Data envío: 28/10/2019 12:47:24.284



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas comunitarias en materia da contratación pública 2014/24UE, 2014/25/UE e 2014/23/UE”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:47:24  
**Nº Rexistro: 58164**  
Data envío: 28/10/2019 12:47:24.284

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/10/2019 12:47:20**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 50857**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o procedemento e o prazo previsto polo Goberno galego para a creación das 45 novas prazas de medicina, enfermería e fisioterapia anunciadas na Atención Primaria para o ano 2019, a súa distribución por categorías e centros de saúde, así como os criterios seguidos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 486 do 12 de xuño de 2019), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2019, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A aprobación polo Consello da Xunta no pasado mes de maio de 2019 do Plan Galego de atención primaria, autoriza a creación de 331 prazas no período 2019-2021.

Trátase de prazas de nova creación, de médico de familia, de enfermeiras, de fisioterapeutas, etc, para a mellora da atención primaria. As do ano 2019 xa son unha realidade nos cadros de persoal das sete xerencias do Sergas para súa cobertura interina inicial, e a súa oferta en futuras opes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:47:16  
**Nº Rexistro: 58163**  
Data envío: 28/10/2019 12:47:16.752

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/10/2019 12:47:02

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **50197**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araujo, don Antón Sánchez García e don David Rodríguez Estévez, sobre “**a avaliación e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da migración das mulleres no medio rural**”, (publicada no BOPG número 482 do 4 de xuño de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

*O pasado 15 de outubro celebrouse o Día da Muller Rural, unha efeméride que trata de poñer no foco o importante labor que fan as mulleres no entorno rural. Para a Consellería do Medio Rural en particular, e para a Xunta de Galicia en xeral, o apoio á muller no ámbito rural constitúe unha das nosas máximas como Administración.*

*Hai apenas dous anos a Xunta de Galicia poñía en marcha o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes para o período 2017 e 2020.*

*Nese plan, recóllense os seguintes obxectivos coas súas correspondentes medidas no relativo á muller no rural:*

- 1. Desenvolvemento profesional das mulleres rurais e do mar como motor de dinamización demográfica e crecemento económico dos seus municipios.*
- 2. Reducir a fenda dixital de xénero no acceso, coñecemento, tipo e intensidade de usos das tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural.*
- 3. Apoiar o empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión dos sectores económicos agrario, gandeiro e pesqueiro.*
- 4. Fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.*

*Tamén é fundamental incentivar a incorporación das mulleres aos órganos de decisión do sector agroalimentario rural. As organizacións agrarias, as cooperativas e os grupos de desenvolvemento rural*



*deben contar cunha presenza feminina en órganos directivos acordes coa realidade das mulleres rurais.*

*É necesario fomentar e promover o protagonismo feminino na toma de decisións no medio rural, co fin de que as mulleres alcancen a representatividade que equitativamente lles corresponde.*

*A aposta da Xunta pola creación de oportunidades e o impulso dunha igualdade real é un eixo primordial en todas as actuacións que levamos a cabo no rural galego.*

*Así mesmo, a Xunta é consciente de que para facer de Galicia o mellor lugar para nacer, é preciso ofrecerlles todos os recursos necesarios ás familias que decidan ter un fillo.*

*Nunca antes en Galicia houbo tantas facilidades coma hoxe para as persoas que deciden ser nais ou pais.*

*Existen 25.000 prazas en escolas infantís en Galicia, o que supón unha ratio de cobertura do 44% ou o que é o mesmo, 11 puntos por riba do recomendado pola Unión Europea.*

*Para lograr a igualdade de oportunidades, independentemente do lugar de nacemento, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2016 as Casas Niño. Unha medida pioneira e experimental que aproxima os recursos de conciliación e de atención á primeira infancia aos concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes, que a día de hoxe non contan con ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade.*

*En 2019 hai 60 casas niño que ofrecen 300 prazas de atención á infancia nos concellos pequenos, mentres que en 2009 non había ningunha. E en maio deste ano 2019 publicamos unha cuarta convocatoria para chegar aos 75 centros. O compromiso é que ao remate desta lexislatura todos os concellos de menos de 5000 habitantes poidan ter un recurso de conciliación.*

*A partir do vindeiro ano, a educación infantil será gratuíta para todas as familias dende a segunda filla ou fillo e sucesivos.*

*Outra medida de conciliación posta en marcha polo goberno galego, é a Tarxeta Benvida; unha prestación económica de 1.200 euros anuais durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla, destinada a atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces, produtos de hixiene ou farmacéuticos e recentemente servizos e produtos para mellorar a saúde visual das nenas e nenos de entre 0-3 anos.*





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/10/2019 13:47:29  
**Nº Rexistro: 58140**  
Data envío: 25/10/2019 13:47:29.993



*Desde a súa implantación no ano 2016 ata o día de hoxe levamos concedidas máis de 45.000 tarxetas benvida. No 2017 estendeuse a prestación ata o terceiro ano de vida da nena ou neno, para aquelas familias cunha renda anual igual ou inferior aos 22.000 euros. Recibindo:*

- 600 € ao ano para o primeiro fillo;
- 1.200 € para o segundo fillo;
- E 2.400 € para o terceiro.

*Estes importes veranse incrementados no vindeiro ano para as familias que vivan en concellos de menos de 5.000 habitantes.*

*No ano 2018 abrimos a posibilidade de presentar a solicitude xa dende o embarazo. E tamén as persoas galegas que residindo no exterior, decidan regresar a Galicia, poderán optar á axuda.*

*Outro recurso de conciliación posto a disposición das familias galegas é o Bono Concilia: un apoio para as familias que non obteñan praza nas outras modalidades de escola infantil ou que vivan nun concello onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos.*

*O ano pasado, recibiron o Bono Concilia 4.414 familias, un 20% máis das que o recibiran en 2017.*

*Outro recurso máis, o Bono Coidado. Así, ata o ano 2019 outorgáronse 500 Bonos Coidado, que permiten contratar de xeito puntual a unha persoa coidadora ante imprevistos, como que o neno ou nena se poña enfermo.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 25/10/2019 13:47:29  
**Nº Rexistro: 58140**  
Data envío: 25/10/2019 13:47:29.993

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/10/2019 13:47:12**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58099

Data envío: 24/10/2019 15:49:09.418

Data 24/10/2019 15:48

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53008**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“as medidas que están a desenvolver para cumprir o acordo asinado entre o SERGAS e os PACs en xullo de 2019”**, (publicada no BOPG número 518 do 6 de agosto de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*O pasado 17 de xullo de 2019, a Administración Sanitaria asinou un acordo coas organizacións sindicais CIG, CCOO, CESM, O`MEGA, UGT, CSIF e co Comité de Folga dos puntos de atención continuada, en materia de condicións de traballo dos profesionais dos PACS do Servizo Galego de Saúde.*

*Tal e como se recolleu no Acordo, o Decreto 172/1995, do 18 de maio, polo que se aproba o Plan de Urgencias Extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm.121 do 26 de xuño), establece no seu artigo 5.1. que os PAC contarán cun mínimo de persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario de apoio que virá determinado en función da ratio de poboación a atender, e que posibilite que, como regra xeral, cada facultativo non supere unha presión media de 30 urxencias por garda. Coa revisións dos Plans Funcionais e a realización do estudio sobre a carga asistencial, poderanse adoptar medidas tendentes á manter a presión media establecida no Decreto 172/1995 e recollida no acordo dos PACS.*

*En cumprimento do compromiso acadado de incremento do programa de gasto da atención primaria á saúde, a Administración pactou no seno da mesa sectorial coas organizacións sindicais CESM, UXT, CSIF e SATSE un significativo incremento de 308 prazas co obxectivo de diminuír as ratios actuais de pacientes por profesional.*

página 1 de 2

 Xacobeo 2021



*Pola súa parte, o nomeamento estatutario eventual de continuidade, que a Administración sanitaria puxo en marcha neste ano 2019, fixo posible a vinculacións de novos profesionais na categoría de médico/a de familia que non viñan traballando na sanidade pública galega.*

*Indicar que neste ámbito tense constituído o Consello Técnico de Atención Primaria e creado comisións técnicas que están traballando para a mellora da atención primaria.*

*Todos estes acordos supoñen un avance inmediato e significativo cara a mellora das condicións de prestación do servizo en atención primaria, sen prexuízo das conclusións e outras melloras que deriven do Consello Técnico, especialmente no ámbito organizativo e asistencial.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58099**  
Data envío: 24/10/2019 15:49:09.418

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 15:48:47**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53098**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**a valoración pola Xunta de Galicia da actual situación no funcionamento do modelo de xestión de asistencia sanitaria de POVISA**”, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta nº 53097 que tivo lugar no Pleno do 8 de outubro de 2019.*

*Pode consultarse no seguinte enlace:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-09?part=d2f57c37-9715-46a4-9fab-148c560a9845&start=4583>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:28  
**Nº Rexistro: 58084**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:28.855

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:25

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/10/2019 12:46:51  
Nº Rexistro: 58162

Data envío: 28/10/2019 12:46:51.049

Data 28/10/2019 12:46

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 53878**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns polas que o Goberno galego non implementou o acordo parlamentario relativo ao financiamento do transporte e recollida dos plásticos de uso agrícola, a xestión destes residuos mentres non se apoiou esta actividade e as medidas a adoptar a este respecto”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

*Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 18 de outubro de 2019 pola subdirectora xeral de residuos, en resposta á pregunta oral 53876.*

*Na súa intervención, a subdirectora xeral de residuos respondeu ás cuestións expostas sobre as razóns polas que o Goberno galego non implementou o acordo parlamentario relativo ao financiamento do transporte e recollida dos plásticos de uso agrícola, a xestión destes residuos mentres non se apoiou esta actividade, así como as medidas que se deben adoptar respecto disto.*

O enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 18 de outubro de 2019 é o seguinte:  
<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-7-agricultura-alimentacion-gandaria-montes-2019-10-18>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 28/10/2019 12:46:51  
**Nº Rexistro: 58162**  
Data envío: 28/10/2019 12:46:51.049

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/10/2019 12:46:26**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 53951**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os problemas de seguridade viaria da AC 133 ao seu paso por Barallobre”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas encargou uns ensaios co fin de comprobar o estado do firme da estrada á que se refire esta iniciativa. Os resultados dos mencionados ensaios indicaban a necesidade de mellorar a rugosidade do firme. En consecuencia, realizáronse as seguintes actuacións: o reforzo da sinalización vertical, colocando sinalización de curva e límite de velocidade de 50 km/h con fondo en flúor en ambos os dous sentidos; ademais, na semana do 19 de setembro procedeuse a botar unha capa de rodadura de especial rugosidade para evitar deslizamentos entre os puntos quilométricos 1+400 ao 1+600 e do 2+500 ao 3+400. Está premarcada a sinalización horizontal para proceder a realizar a pintura definitiva”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:19  
**Nº Rexistro: 58083**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:19.730

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:16**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 54015**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o cobro de peaxes nas autovías e na AP 9**”, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Respecto ás peaxes da AP-9, o 13 de novembro de 2018, no marco da Comisión conxunta da AP-9, a Xunta solicitoulle ao Ministerio de Fomento que analizase as posibilidades de suavizar as subas previstas nesta autoestrada de titularidade estatal, a través de fórmulas de flexibilización e un abaratamento dos desprazamentos para os usuarios recorrentes e en horas de menos tráfico. A Xunta comprometeuse a elaborar e remitir unha proposta concreta sobre as posibles medidas.

En canto á supresión da peaxe da autoestrada AP-9 entre Rande e Vigo, é esta unha reivindicación formulada pola Xunta de Galicia en toda ocasión formal e informal na que é posible, e o anterior Goberno do Estado na reunión da Comisión conxunta sobre a AP-9 sinalou o seu compromiso de levalo a cabo. Tras o cambio de Goberno, desde a Xunta de Galicia, ao igual que desde o Parlamento galego, vense insistindo nesta necesidade, sen que se constaten avances na súa tramitación.

A Xunta seguirá a traballar, como vén facendo, pola mellor defensa dos intereses dos galegos en relación coa AP-9, apostando pola transferencia da titularidade a Galicia, de forma constante e sen cambios de criterio, xa que considera que a transferencia é posible, é xuridicamente viable e é conveniente para velar con máis eficacia pola calidade do servizo que reciben os cidadáns.

No eido das autoestradas de titularidade autonómica, A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val



Miñor (AG-57), que xa de por si teñen unhas das tarifas máis baixas do Estado, é onde a Xunta de Galicia, por ser da súa competencia, vén centrando os seus esforzos. Estas autoestradas autonómicas contan, desde o ano 2010, con rebaixas nas súas peaxes para os usuarios habituais.

Ademais destas bonificacións por frecuencia de uso, a Xunta de Galicia vén de aprobar a implantación de bonificacións por treito horario de uso tanto para a AG-57 como para a AG-55. Así, o pasado 1 de outubro entrou en vigor a bonificación do 50% do importe da peaxe cando se realice con cargo a un OBE o pago dun traxecto no treito horario nocturno.

Ademais, a Xunta vai establecer bonificacións das peaxes das autoestradas autonómicas para familias numerosas, como así aparece recollido no proxecto de Orzamentos para 2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58351**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:34.877

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:32**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54029**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a problemática dos traballadores e traballadoras afectados pola deslocalización de servizos de provisión e xestión de rede da empresa de telefonía R Cable e Euskaltel”**, (publicada no BOPG número 523 do 3 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

*Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 54031 que tivo lugar na sesión plenaria do 8 de outubro de 2019.*

*O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-10-08?part=b7dc3db9-702f-4016-a645-9df81b464d3d&start=769>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:12  
**Nº Rexistro: 58082**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:12.902

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:09**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 54407**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do lixo urbano do concello da Coruña na planta de Nostián, así como a do procedente dos oito concellos do Consorcio das Mariñas no centro das Pías, en Sobrado dos Montes”**, (publicada no BOPG número 524 do 4 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No caso de Grixoa revisáronse e modificáronse as condicións de admisión dos residuos no vertedoiro limitando neste a carga orgánica admisible para os residuos desta orixe en virtude da persistencia dun potencial impacto odorífero determinado polos estudos olfatométricos realizados.

O vertedoiro das Pías (Sobrado dos Monxes) está deseñado para a eliminación de residuos non perigosos nos termos indicados pola autorización ambiental integrada, outorgada a esta instalación o 23/04/2008 e as súas posteriores modificacións, que se atopan dispoñibles para consulta pública na páxina web institucional da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A responsable inmediata da xestión da planta de Nostián é a concesionaria. Os rexeites de Nostián cumpren cos criterios de admisión establecidos para un vertedoiro de residuos non perigosos.

En garantía da sustentabilidade financeira, o prezo do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos xestionada por Sogama, así como a súa actualización nos anos sucesivos, vén determinado pola disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, que sen prexuízo do sistema de revisión anual que a mesma articula, ten en conta o custo efectivo de tratamento e a solidariedade entre os concellos adheridos a este sistema. Non obstante, o Goberno galego, consciente da situación de urxencia que afectaba á instalación de Nostián, mesmo ofreceu unha rebaixa substancia deste canon de tratamento.

En canto ao prezo ofertado por Gestán, partindo de que o mesmo foi establecido libremente



pola titular dunha instalación privada por concurso da oferta e a demanda nun contexto de libre mercado, non obstante, co obxecto de xustificar a viabilidade do vertedoiro toda entidade deberá demostrar mediante análise económica avalada por auditor xurado de contas, que o prezo sempre cubre, entre outros, os custos ocasionados polo seu establecemento e explotación, así como os derivados da clausura e o mantemento posterior da instalación durante un período mínimo de 30 anos.

O proxecto indicado obtivo unha resolución favorable no procedemento de avaliación ambiental de proxectos ao que foi sometido, garantindo así un nivel alto de protección ambiental mediante:

- A análise e a selección das alternativas medioambientais viables.
- O establecemento de medidas que permiten previr, corrixir e no seu caso, compensar os efectos adversos sobre o medio ambiente.
- O establecemento das medidas de vixilancia e seguimento necesarias.

No marco do procedemento de avaliación ambiental de proxectos ao que foi sometido, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informou favorablemente a dita documentación, non prevendo que o proxecto vaia ocasionar ningún tipo de impacto sobre bens culturais de carácter arqueolóxico, arquitectónico ou etnográfico e supoñendo tamén, a documentación presentada, unha mellora notable das condicións ambientais existentes ao proceder á corrección e eliminación de impactos acumulados no lugar, polo que se considera que esta actuación terá un efecto positivo para o Camiño Norte e o seu contorno.

O compost fabricado por Albada distribúese nos puntos limpos que este xestiona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:21:06  
**Nº Rexistro: 58080**  
Data envío: 24/10/2019 13:21:06.121

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:21:03**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 54484**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para evitar a precariedade laboral da mocidade e a súa valoración respecto das actuacións que están a levar a cabo as empresas de traballo temporal”**, (publicada no BOPG número 524 do 4 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

*Esta pregunta foi atendida na intervención da secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 54485 que tivo lugar na sesión do 3 de outubro de 2019 da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.*

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-10-03?part=2ee8af90-4f87-4f8b-b4ab-86823ee0047d&start=5767>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 24/10/2019 13:20:58  
**Nº Registro: 58079**  
Data envío: 24/10/2019 13:20:58.839

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/10/2019 13:20:55**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58193

Data envío: 29/10/2019 14:29:44.061

Data 29/10/2019 14:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **54500**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as modificacións que vai implementar a Xunta de Galicia na unidade de atención temperá do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, os servizos que vai por en funcionamento na comarca de Lemos e no Hospital de Monforte, así como a dotación de persoal e servizo que van prestar as dúas novas unidades anunciadas no mes de agosto para diversos concellos da provincia de Lugo”**, (publicada no BOPG número 529 do 12 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral nº 54501 que tivo lugar na comisión 5ª do 24 de outubro de 2019.*

*Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-10-24?part=7b9ae8e7-ffc0-4b7c-9508-b16ff0343a64&start=6323>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

 Xacobeo 2021





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58193**  
Data envío: 29/10/2019 14:29:44.061

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:29:40**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58192

Data envío: 29/10/2019 14:29:36.671

Data 29/10/2019 14:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 55431**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento, reutilización e reciclaxe dos residuos sólidos urbanos e, nomeadamente, dos biorresiduos”**, (publicada no BOPG número 534 do 19 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

*“O cumprimento deste obxectivo constitúe un reto que incumbe á Comunidade Autónoma galega no seu conxunto, tanto á poboación sen cuxa colaboración non será posible, como ás Administracións con competencias na materia e, moi especialmente, ás entidades locais con competencia exclusiva en materia de recollida e xestión de residuos domésticos ou urbanos e asimilados.*

*Dende a esfera das súas competencias, a Xunta está a apostar por este obxectivo con campañas de educación e sensibilización destinadas á poboación e medidas de apoio aos concellos galegos, de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010 – 2022.*

*Galicia dispón dun documento de planificación en materia de residuos domésticos ou urbanos, o vixente Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia actualizado no ano 2016, que constitúe o instrumento estratéxico de referencia para a xestión destes residuos na nosa Comunidade.*

*A Xunta está apoiando aos concellos galegos coa implantación de medidas que axuden ás entidades locais na toma de decisións para a implantación de diferentes modelos de recollida e tratamento da fracción orgánica. Así, estase traballando facilitando composteiros individuais que redundan na prevención de residuos, tamén facilitando contedores para a recollida separada da fracción orgánica*

páxina 1 de 2

 Xacobeo 2021



*ou desenvolvendo proxectos demostrativos. Estas liñas de colaboración seguirán a desenvolverse respectando as competencias que cada administración ten atribuídas.*

*Cabe salientar ademais que SOGAMA xa puxo a disposición dos concellos da súa área de influencia, a maior planta de tratamento das previstas no plan galego cunha capacidade de tratamento de 15.000 t/a.*

*Partindo do respecto á autonomía local no exercicio das competencias en materia de xestión de residuos atribuídas aos concellos, a Xunta non rexeita ningún modelo de xestión desta ou outras fraccións sempre que sexa viable e contribúa a acadar os obxectivos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia.*

*Por último, destacar que SOGAMA vai construír tres plantas públicas máis, similares á que hai en Cerceda. Será unha por cada unha das provincias que restan (Lugo, Ourense e Pontevedra)”.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58192**  
Data envío: 29/10/2019 14:29:36.671

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:29:19**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 55818**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para paralizar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, sometida á información pública no ano 2012, as previsións ao respecto para a X lexislatura, así como a revisión do plan director e a aprobación dos plans de xestión específicos para cada un dos lugares inseridos nela”**, (publicada no BOPG número 539 do 30 de setembro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 29 de outubro de 2019 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 55819, sobre o mesmo tema e da mesma autoría. Na súa intervención, a directora xeral respondeu ás cuestións expostas sobre as razóns do Goberno galego para paralizar a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, sometida á información pública no ano 2012, as previsións ao respecto para a X lexislatura, así como a revisión do plan director e a aprobación dos plans de xestión específicos para cada un dos lugares inseridos nela.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2019-10-29>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58350**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:28.206

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:23**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56332**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o uso de aceites industriais para procesos de combustión na planta de Ence, en Lourizán”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

*“O combustible utilizado por ENCE nas instalacións de Lourizán cumpren cos requisitos establecidos na normativa pola que se regulan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fuelóleos e gases licuados do petróleo. Así mesmo, esta instalación xa conta cun plan de vixilancia e control acorde co establecido na normativa de control e prevención integrados da contaminación.*

*Ademais, o combustible utilizado por ENCE nas súas instalacións en Lourizán obtense a partir do tratamento de aceites usados por parte de xestores autorizados e pode utilizarse en substitución dun fuel, cumprindo cos requisitos establecidos na normativa actual de aplicación para ser considerado como produtos e non como residuos, polo que está a cumprir a súa Autorización Ambiental Integrada.*

*A Xunta de Galicia realiza un seguimento continuo de afección das emisións de Ence na calidade do aire da súa contorna a través das estacións que forman parte da Rede de Calidade do Aire de Galicia. Estas estacións son tres actualmente, dúas xestionadas pola propia instalación industrial (a de Campelo e Areeiro) e outra pola Xunta de Galicia (Campolongo, en Pontevedra). Nestas estacións mídense a tempo real os diferentes contaminantes emitidos por Ence e recollidos no Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, para a mellora da calidade do aire en relación co dióxido de xofre. Os datos emitidos recíbense a tempo real na Dirección Xeral de*



*Calidade Ambiental e Cambio Climático, e mediante un sistema de alertas os técnicos de dita dirección xeral está ao tanto de calquera incidencia que se produza nestas estacións en calquera momento do día” .*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58349**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:17.659

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:11:12**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 58191

Data envío: 29/10/2019 14:25:43.202

Data 29/10/2019 14:25

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 56420**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao novo centro de saúde de Narón de servizo de radioloxía, dunha unidade de saúde mental e de máis persoal, así como a diminución da ratio por doente en medicina familiar e enfermería”**, (publicada no BOPG número 541 do 3 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral nº 56418 que tivo lugar na comisión 5ª do 24 de outubro de 2019.*

*pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-10-24?part=7b9ae8e7-ffc0-4b7c-9508-b16ff0343a64&start=6323>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021

página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 29/10/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 58191**  
Data envío: 29/10/2019 14:25:43.202

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/10/2019 14:25:21**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
Nº Rexistro: 58348

Data envío: 31/10/2019 09:11:08.440

Data 31/10/2019 09:10

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 57374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración por Augas de Galicia dalgunha planificación a curto e medio prazo de obras hidráulicas relacionadas co ciclo da auga, se é o caso, os criterios seguidos para ese fin e a opinión da Xunta de Galicia respecto da dotación que presenta o capítulo VI dos orzamentos do ente público, así como do nivel de execución que rexistra nos anos 2016, 2017 e 2018”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

*As actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia nos últimos anos son, na súa meirande parte, cofinanciadas con fondos europeos.*

*Os distintos programas operativos xa indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar, establecendo criterios e procedementos de selección de actuacións. Na selección de actuacións efectuada participaron todas as peticións solicitadas a Augas de Galicia.*

*O groso do investimento ten a súa orixe, polo tanto, nos fondos europeos (FEDER e FEADER) que teñen criterios establecidos que teñen sido respectados desde a entidade pública empresarial Augas de Galicia en todo momento e, de cara ao futuro, continuarase traballando para a súa execución do mesmo xeito, con pleno respecto á normativa que os regula.*



Xacobeo 2021

página 1 de 2

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



*Os anos 2016, 2017 e 2018 coincidiron co inicio do período operativo dos fondos europeos. O habitual é que o grado de execución neste inicio sexa inferior e que a medida que avance este período operativo sexa maior o grado de execución orzamentaria.*

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58348**  
Data envío: 31/10/2019 09:11:08.440

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:10:53**

CSV: BOPGDSPGroiQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 57413**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación da rede galega de atención temperá e, en concreto, na provincia de Lugo, en especial na unidade do Hospital Universitario Lucus Augusti, así como as medidas previs ao respecto”**, (publicada no BOPG número 548 do 17 de outubro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Asistencia Sanitaria á pregunta oral número 54501 que tivo lugar na comisión 5ª do 24 de outubro de 2019.

Pode consultarse tal intervención no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2019-10-24?part=7b9ae8e7-ffc0-4b7c-9508-b16ff0343a64&start=6323>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 58347**  
Data envío: 31/10/2019 09:10:33.909

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/10/2019 9:10:05**

CSV: BOPGDSPGroIQF2uFQ4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

